4º-BXB4.2.1 - Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón. Ver rúbricas BX_R1_CCL_EO_4 BX_R2_CCL_EE_4 BX_R3_CAA_4	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase/laboratorio. Rúbricas EO e EE Rúbrica CAA	CAA, CCL, CMCCT
4º-BXB4.3.1 - Utiliza fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Utiliza polo menos dúas fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e presentación das súas investigacións. Ver rúbricas BX_R1_CCL_EO_4 BX_R2_CCL_EE_4 BX_R3_CAA_4	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Investigacións. Escala de observación. Rúbrica CAA e Rúbricas EO e EE.	CAA, CCL, CMCCT, CD
4º-BXB4.4.1 - Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Ver rúbricas BX_R4_CSC_TG_3	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rúbrica Traballo en grupo.	CAA, CSC, CSIEE
4º-BXB4.5.1 - Deseña pequenos traballos de investigación sobre	Deseña pequenos traballos de investigación sobre	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos./Observación	CCL, CSIEE, CD,

animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e a súa defensa na aula.	animais/plantas ou os ecosistemas do seu contorno. Ver rúbricas BX_R1_CCL_EO_4 BX_R2_CCL_EE_4				sistemática. INSTRUMENTOS: Investigacións. Escala de observación. Rúbricas EO e EE.	CMCCT
4º-BXB4.5.2 - Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Ver rúbricas BX_R1_CCL_EO_3 BX_R2_CCL_EE_3	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática./ Análise das producións dos alumnos. INSTRUMENTOS: Investigacións. Rúbricas EO e EE.	CCL

5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.

Ata o momento presente, a metodoloxía empregada tiña as seguintes características, en función das peculiaridades da nosa materia:

Escolléronse coidadosamente libros de texto con actividades que traballan a comprensión e interpretación de textos e gráficos, así como o pensamento hipotético-deductivo propio do método científico. Ademais tódalas competencias son tratadas nelas, tanto de forma individual como integrada. Tamén aseguran estas actividades a relación coa vida real do alumnado, partindo da súa propia experiencia, para que poidan relacionar os coñecementos previos coas novas aprendizaxes de xeito significativo.

O uso das novas tecnoloxías, que intenta servir de motivación para o alumnado, empregámolo especialmente co visionado de imaxes, vídeos e animacións, imprescindibles por outro lado para visualizar estruturas e procesos propios das materias de bioloxía e xeoloxía. E tamén a través de traballos de investigación sobre algún tema concreto e a elaboración de presentacións dixitais cos resultados das mesmas. Ademais intentamos implicar ao alumnado no uso científico e didáctico das redes sociais, incluíndo no noso perfil de facebook fotos e resumos das prácticas de laboratorio, producións dos alumnos, noticias científicas e de medio ambiente...

Durante os últimos catro cursos **fixemos un especial esforzo en incrementar o número de prácticas de laboratorio**, como se pode verificar consultando as actas do departamento e as memorias de fin de curso. Esta parte da metodoloxía parécenos fundamental, non so para traballar os E.A. relacionados co método científico, senon tamén os de traballo en grupo e aprender a aprender.

Cos mesmos obxectivos facemos as **saidas de campo**, como as do Proxecto Ríos, de carácter multidisciplinar, co que estivemos traballando cinco cursos seguidos, logo abandonamos por falta de tempo debido á implantación da LOMCE, e retomamos o curso pasado.

As explicacións intentan establecer un diálogo co alumnado, facendo preguntas para motivar a participación e implicación do mesmo. Pero ata este momento consideramos as explicacións da profesora imprescindibles para a comprensión de procesos e conceptos específicos das materias de bioloxía e xeoloxía, xa que **outra peculiaridade da nosa materia é a gran cantidade de conceptos e procesos a comprender, distintos en cada avaliación e en cada curso**, a diferenza das materias de linguas ou matemáticas, onde os mesmos conceptos se repiten unha e outra vez nos distintos cursos, o que **fai máis fácil un traballo autónomo, práctico e sen explicacións teóricas**.

O cambio metodolóxico ao que fai referencia o novo currículo implica facer actividades de aprendizaxe integradas, favorecendo a participación activa do alumnado, principalmente en grupo, e desfocalizando a práctica docente da profesora dándolle o protagonismo ao alumnado.

Ao igual que o resto dos cambios, por tratarse dunha fase de transición, irase implantando esta metodoloxía de forma gradual, para que tanto profesora como alumnos se vaian adaptando á mesma. Deste xeito, temos previsto un proxecto de investigación en grupo para cada trimestre, ao que lle dedicaremos varias sesións de clase.

Con estes proxectos preténdese avaliar E.A. pertencentes ás seguintes destrezas: Expresión oral, expresión escrita, traballo en grupo, aprender a aprender, e específicos da materia (CMCCT). Ademais nalgúns deles tamén se inclúen elementos transversais do currículo (Ver apartado 13).

Os títulos dos proxectos serían, en principio, os seguintes:

CURSO	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	O cambio climático.	Animais vertebrados do noso contorno.	O complexo Intermareal Umia- O Grove.
3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	¿Teño unha dieta equilibrada?	¿En que consiste a diversidade sexual?	¿Como se forman os relevos?
4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	Estudo dunha enfermidade xenética.	¿Os ecosistemas dunares e a pillara das dunas?	Resultados das inspeccións do Proxecto Ríos.

É de supoñer que progresivamente no tempo cada vez iremos estendendo máis esta forma de traballar. Sen embargo hai que ter en conta varias **limitacións** que poden impedir a adopción total desta forma de traballo.

En primeiro lugar, o traballo por proxectos require dedicar un número elevado de sesións de clase a que os alumnos busquen información, logo a elaboren, resolvan dúbidas, e finalmente

elaboren unha presentación cos resultados e logo a expoñan. **Este feito entra en contradición co extenso número de E.A. (a maioría deles distintos en cada avaliación e nivel, como xa se comentou), que se nos esixe tratar e avaliar con tres sesións semanais.** No caso extremo de cursos como 3º de ESO, (máis de 70 E.A. con 2 sesións semanais), farían imposible xa non tratar e avaliar tódolos E.A. do curso, senon incluso avanzar a un ritmo igual ao actual, no que nunca se consegue rematar o temario polo extenso que foi ata agora e segue sendo.

Por outro lado, deseñar este tipo de actividades integradas, require moito tempo por parte do profesorado, que doutra banda se nos está quitando cando temos que dedicar tanto a corraxir demasiados instrumentos de avaliación a maiores dos exames, pois ademais de avaliar as propias producións dos alumnos que resultan destes proxectos, temos que facer e avaliar tamén probas de comprensión oral e escrita. Se a isto lle sumamos o tempo a dedicar para a preparación das clases (que **no noso caso require repasar contidos diferentes cada semana**), este cambio metodolóxico parece aínda máis difícil, polo menos a curto prazo.

Na memoria de final de curso analizouse esta situación. Moitos dos proxectos programados ao principio de curso non foron finalmente desenvolvidos, debido a todas estas dificultades que se acaban de comentar, principalmente a de ter que avanzar no temario.

6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar

-Actividades para os alumnos: libro de texto e dixital, materiais de elaboración propia, películas e documentais.

-Imaxes, presentacións, animacións, vídeos, etc. para a exposición dos contidos na clase: libro dixital.

1º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, sm Xerme; ISBN: 978-84-9854-522-7

3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, sm Xerme; ISBN: 978-84-9854-518-0


4º ESO: Bioloxía e Xeoloxía, sm Xerme; ISBN: 978-84-9854-611-8

-Material do laboratorio, que se visitará polo menos unha vez por unidade didáctica, excepto en 3º de ESO, debido ao escaso número de horas para tan extenso temario.

-Materiais de traballo de campo específicos do Proxecto Ríos.

-Ecosistemas e espazos protexidos do noso contexto máis cercano, como a Lagoa da Bodeira, dunas da Lanzada ou Centro de Interpretación da Siradella, dentro do Complexo Intermareal Umia-O Grove, ou a praia de Area da Cruz, a escasos metros do noso centro, na que faremos varias actividades científicas e de voluntariado ambiental.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.




CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA AS TRES AVALIACIÓN 1º ESO

GRUPO DE E.A.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
ESPECÍFICOS DE ÁREA (CMCCT)	Probas escritas (6,5) Caderno de laboratorio (0,5) Investigacións (0,5)	Nota promedio ponderada dos instrumentos de avaliación x 7,5
EXPRESIÓN ORAL (CCL_EO)	Rúbrica BX_R1_CCL_EO_1 (Investigacións)	Calificación x 0,25
EXPRESIÓN ESCRITA (CCL_EE)	Rúbrica BX_R2_CCL_EE_1 (Investigacións)	Calificación x 0,25
COMPRESIÓN ORAL (CCL_CO)	Traballo película/documental	Calificación x 0,25
COMPRESIÓN ESCRITA (CCL_CE)	Proba lectura	Calificación x 0,25
APRENDER A APRENDER (CAA)	Rúbrica BX_R3_CAA_1 -Investigacións: (0,2) -Caderno (esquemas) (0,3) -Exames (0,2) -Registro de observacións (0,3)	Calificación x 1
TRABALLO EN GRUPO (CSC_TG)	Rúbrica BX_R4_CSC_TE_1 -Registro observación laboratorio (0,25) -Registro observación investigacións (0,25)	Calificación x 0,5
Calificación total		SUMA 10

REPARTO DA NOTA POR INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 1º ESO

PROBAS ESCRITAS	PROBA DE LECTURA	INVESTIGACIÓN S	TRABALLO PELÍCULA/DOC.	RESISTRO DE OBSERVACIÓN S	CADERNO
6,5+0,2=6,7	0,25	0,5+0,25+0,25+0,2=1,2	0,25	0,3+0,25+0,25=0,8	0,5+0,3=0,8

- Intentarase facer un Proxecto de Investigación por trimestre, que abarque tódolos instrumentos denominados „investigacións“.
- No caso de non ser posible por falta de tempo realizar tódalas investigacións previstas en tódolos trimestres, a destreza de EE (expresión escrita) avaliarase a través dunha pregunta específica nalgunha das probas escritas, e a EO (expresión oral) pasará a avaliarse mediante os rexistros da observación na aula.
- Isto último tamén se aplicará á destreza de CO (comprensión oral) no caso de non ser posible facer o traballo sobre a película ou documental en tódolos trimestres.
- A proba de lectura para avaliar a destreza CE (comprensión escrita) poderá realizarse de forma independente ou ben formando parte dunha das probas escritas, pero cada instrumento terá unha cualificación independente.
- En calquera caso, sempre que se produzan variacións no uso dos instrumentos de avaliación, serán notificados coa antelación suficiente aos alumnos.




CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA AS TRES AVALIACIÓNS 3º ESO

GRUPO DE E.A.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
ESPECÍFICOS DE ÁREA (CMCCT)	Probas escritas (6) Caderno de clase/laboratorio (0,5) Investigacións (0,5)	Nota promedio ponderada dos instrumentos de avaliación x 7
EXPRESIÓN ORAL (CCL_EO)	Rúbrica BX_R1_CCL_EO_3 (Investigacións)	Calificación x 0,25
EXPRESIÓN ESCRITA (CCL_EE)	Rúbrica BX_R2_CCL_EE_3 (Investigacións)	Calificación x 0,25
COMPRESIÓN ORAL (CCL_CO)	Traballo película/documental	Calificación x 0,25
COMPRESIÓN ESCRITA (CCL_CE)	Proba lectura	Calificación x 0,25
APRENDER A APRENDER (CAA)	Rúbrica BX_R3_CAA_3 -Investigacións (0,4) -Caderno (esquemas) (0,4) -Exame (0,2) -Registro de observacións (0,4)	Calificación x 1,4
TRABALLO EN GRUPO (CSC_TG)	Rúbrica BX_R4_CSC_TE_3 -Registro observacións laboratorio: 0,3 -Registro observacións Investigacións: 0,3	Calificación x 0,6
Calificación total		SUMA 10

REPARTO DA NOTA POR INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN 3º ESO

PROBAS ESCRITAS	PROBA LECTURA	INVESTIGACIONES	TRABALLO PELÍCULA/DO C.	REXISTRO DE OBSERVACIONES	CADERNO
6+0,2=6,2	0,25	0,5+0,25+0,25+0,4=1,4	0,25	0,4+0,3+0,3=1	0.5+0.4=0.9

- Intentarase facer un Proxecto de Investigación por trimestre, que abarque tódolos instrumentos denominados „investigacións“.
- No caso de non ser posible por falta de tempo realizar tódalas investigacións previstas en tódolos trimestres, a destreza de EE (expresión escrita) avaliarase a través dunha pregunta específica nalgunha das probas escritas, e a EO (expresión oral) pasará a avaliarse mediante os rexistros da observación na aula.
- Esto último tamén se aplicará á destreza de CO (comprensión oral) no caso de non ser posible facer o traballo sobre a película ou documental en tódolos trimestres.
- A proba de lectura para avaliar a destreza CE (comprensión escrita) poderá realizarse de forma independente ou ben formando parte dunha das probas escritas, pero cada instrumento terá unha cualificación independente.
- En calquera caso, sempre que se produzan variacións no uso dos instrumentos de avaliación, serán notificados coa antelación suficiente aos alumnos.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA AS TRES AVALIACIÓNS 4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

GRUPO DE E.A.	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	CRITERIO DE CUALIFICACIÓN
ESPECÍFICOS DE ÁREA (CMCCT)	Probas escritas (6) Caderno de laboratorio (0,5) Investigacións (0,5)	Nota promedio ponderada dos instrumentos de avaliación x 7
EXPRESIÓN ORAL (CCL_EO)	Rúbrica BX_R1_CCL_EO_3 (Investigacións)	Calificación x 0,25
EXPRESIÓN ESCRITA (CCL_EE)	Rúbrica BX_R2_CCL_EE_3 (Investigacións)	Calificación x 0,25
COMPRESIÓN ORAL (CCL_CO)	Traballo película/documental	Calificación x 0,25
COMPRESIÓN ESCRITA (CCL_CE)	Proba lectura	Calificación x 0,25
APRENDER A APRENDER (CAA)	Rúbrica BX_R3_CAA_3 -Investigacións (0,3) -Caderno (esquemas) (0,2) -Exame (0,4) -Registro de observacións (0,6)	Calificación x 1,5
TRABALLO EN GRUPO (CSC_TG)	Rúbrica BX_R4_CSC_TE_3 -Registro de observación laboratorio: 0,25 -Registro de observacións investigacións: 0,25	Calificación x 0,5
Calificación total		SUMA 10

REPARTO DA NOTA POR INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROBAS ESCRITAS	PROBA LECTURA	INVESTIGACIONES	TRABALLO PELÍCULA/DOC.	REXISTRO DE OBSERVACIONES	CADERNO
6+0,4=6,4	0,25	0,5+0,25+0,25+0,3=1,3	0,25	0,6+0,25+ 0,25 =1,1	0,5+0,2=0,7

- Intentarase facer un Proxecto de Investigación por trimestre, que abarque tódolos instrumentos denominados „investigacións“.
- No caso de non ser posible por falta de tempo realizar tódalas investigacións previstas en tódolos trimestres, a destreza de EE (expresión escrita) avaliarase a través dunha pregunta específica nalgunha das probas escritas, e a EO (expresión oral) pasará a avaliarse mediante os rexistros da observación na aula.
- Esto último tamén se aplicará á destreza de CO (comprensión oral) no caso de non ser posible facer o traballo sobre a película ou documental en tódolos trimestres.
- A proba de lectura para avaliar a destreza CE (comprensión escrita) poderá realizarse de forma independente ou ben formando parte dunha das probas escritas, pero cada instrumento terá unha cualificación independente.
- En calquera caso, sempre que se produzan variacións no uso dos instrumentos de avaliación, serán notificados coa antelación suficiente aos alumnos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS E MATERIAS.

CRITERIOS UTILIZADOS DURANTE OS TRES TRIMESTRES

- Despois de cada avaliación farase unha proba de recuperación dos EA específicos de área, na que será posible repetir só aquela proba escrita na que o/a alumno/a acadara menos nota. Ditas probas realizaranse en xaneiro, marzo e xuño. A nota deste exame ponderarase e sumarase á obtida no resto de competencias para obter a nota da recuperación do trimestre.

CRITERIOS PARA SUPERAR A MATERIA NA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA (XUÑO)

- A nota final de xuño será a media da nota das tres avaliacións.
- Para poder aprobar a materia na avaliación final ordinaria (nota final de xuño) é imprescindible ter como mínimo un 4 en cada avaliación.
- Realizarase unha proba de recuperación final dos EA específicos da área, onde será posible examinarse só daquelas avaliacións que estean suspensas.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA (SETEMBRO)

- A avaliación extraordinaria de setembro consistirá nunha proba escrita cuxa nota deberá ser igual ou superior a 5. O 100% da nota recaerá na cualificación deste exame. No caso de que o alumnado leve actividades específicas para facer no verán, estas serán só unha recomendación para o estudo e preparación da materia, mais nunca serán computables ditas actividades para o cálculo da nota da avaliación extraordinaria.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES (MAIO)

- Producións dos alumnos (boletíns de actividades + esquemas): 50% da nota. No caso de non facer ou non entregar os boletíns en prazo, o 100% da nota recaerá no/s exame/s.
- Proba escrita ou promedio delas: 50% da nota. Os/as alumnos/as teñen a posibilidade de facer unha única proba en maio ou ben facer dous exames parciais, un en febreiro e outro en maio.

PROCEDEMENTO A SEGUIR NO CASO DE COPIA OU PLAXIO DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- Cando un/ha alumno/a sexa sorprendido copiando nun exame, retiraráselle o exame e cualificarase cunha nota de 0. Esta medida poderá adoptarse a posteriori se a detección do fraude se comproba despois dos feitos. O prazo para a comunicación e aplicación desta norma será ata a entrega da nota ao alumnado.
- Porén, poderá recuperar esa nota nunha proba de recuperación posterior, xunto co resto do alumnado que non supere a proba. (Esta proba de recuperación farase despois da avaliación).
- Esta medida será válida para a copia, plaxio, usurpación de identidade ou calquera outra falsificación detectada en calquera instrumento de cualificación: traballos individuais ou en grupo, exames, exposicións,...
- A medida será extensible ao alumnado que colabore por acción ou omisión nesta acción: deixarse copiar, facer traballos a outras persoas,...
- Estas medidas serán independentes das que a maiores sexan recollidas nas NOF do centro.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

8.1. Indicador de logro a medir e instrumento utilizado.

Nesta primeira fase de implantación deste modelo de programación, centrarémonos en medir o **grao de cumprimento da temporalización** para cada materia do departamento. Para iso utilizaremos como instrumento, o modelo de táboa que se indica a continuación, que adxuntaremos á Acta de Xunta de Departamento ao final de cada trimestre.

E.A. avaliable	TEMPORALIZACIÓN PREVISTA			TEMPORALIZACIÓN REAL		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º
.....	X				X	

Ao final de curso, na memoria do departamento, asignaremos unha puntuación de 1 a 4 no indicador de logro „Adecuación entre a temporalización prevista e a real“. Para iso calcularemos a porcentaxe de EA tratados e avaliados con respecto ao total.

INDICADOR DE LOGRO	PUNTUACIÓN ASIGNADA				
	1 (20-40%)	2 (40-60%)	3 (60-80%)	4 (80-90%)	5 (90-100%)
<i>Adecuación entre a temporalización prevista e a real</i>					

8.2. Análise das causas e proposta de medidas correctoras.

Despois de facer a comparación ao final de cada trimestre, analizaremos as causas e intentaremos propoñer medidas correctoras viables que permitan ir corrixindo o desfase ao longo do curso.

Este proceso tamén o levaremos a cabo na memoria de final de curso, pois corrixir este desfase terá máis éxito se se aplican as posibles correccións dende un principio, e iso só é posible no seguinte curso.

Entre os instrumentos utilizados para recabar información, poderanse utilizar as enquisa de final de curso de anos pasados. (Ver Anexo 2).

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No mes de outubro a xefa do departamento convocará unha reunión cos/as alumnos/as afectados, na que se lles entregarán actividades de recuperación e se lle indicarán as seguintes instrucións:

A materia será avaliada a través de dous instrumentos: boletín de actividades e esquemas (50% da nota), e proba escrita (50% da nota).

As actividades e os esquemas serán corrixidos, avaliados e devoltos pola profesora para que os alumnos os poidan empegar á hora de estudar. **No caso de non facer ou non entregar os boletíns en prazo, o 100% da nota recaerá no/s exame/s.**

O calendario será o seguinte:

-Entrega do primeiro boletín o 20 de **decembro**.

-Primeiro exame parcial o 12 de **febreiro**. (Esta proba é optativa. Aqueles alumnos que non se presenten terán que examinarse de toda a materia en maio).

-Entrega do segundo boletín o 11 de **marzo**.

-Segundo exame parcial en **maio**, na data da convocatoria oficial.

10.

11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

A finalidade desta avaliación inicial é unha primeira toma de contacto para saber a grandes rasgos que poden recordar dos contidos traballados na etapa anterior, e saber cales non traballaron nunca e son totalmente novos para eles. Según os resultados obtidos, poderase decidir adicar máis tempo a aquelas unidades máis descoñecidas para eles.

Por outro lado, dado que se trata de alumnado novo e recién chegado ao centro, tamén se pretende detectar algunha dificultade de aprendizaxe que sexa moi evidente, xa que ademáis de preguntas de resposta concreta, tamén contén algunha de deducir e relacionar, interpretar gráficos e de desenvolvemento, polo que terán que empregar varias competencias, ademáis da CMCCT, principalmente CAA e CCL. (Ver ANEXO 1). Esta información, xunto coa recabada na sesión de avaliación inicial, permitirá tomar algunha medida de reforzo cara a alumnos concretos, ou dedicar máis tempo ás competencias nas que teñan menor grao de desenvolvemento acadado.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

Trátase neste curso de saber que poden recordar sobre anatomía e fisioloxía humanas, a célula, a saúde e os procesos xeolóxicos externos e internos. Ningún destes contidos foron tratados en 1º de ESO, a excepción da célula. Polo que case todo o que recorden ou saiban facer nesta avaliación inicial será do que traballaron na etapa de Primaria. Trátase por tanto de saber de que nivel partir nunha serie de contidos nos que levan anos sen traballar. Tamén se engaden preguntas de comprensión e expresión escrita, interpretación de datos, dedución...

Aínda que é unha aproximación moi xeral e pouco concluínte, pois máis apropiado sería facer unha avaliación inicial por cada unidade didáctica, pode dar unha idea de a que estándares de aprendizaxe ou competencias imos ter que dedicarlle máis tempo ou atención.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

Xa que gran parte dos contidos deste curso serán traballados por primeira vez na súa vida (mitose e meiose, xenética medeliana, expresión do ADN e manipulación xenética, evolución, historia da Terra e da vida), a avaliación inicial centrarase naqueles contidos dos que xa deberían ter unhas nocións básicas: a célula (de 3º de ESO), os fósiles (de 1º de ESO), a tectónica de placas (de 3º de ESO) e a ecoloxía (de 1º de ESO). (Ver ANEXO 1).

Por un lado trátase de saber de que nivel de coñecemento debemos partir naqueles contidos que xa coñecen, posto que nos restantes haberá que partir practicamente de cero, e por outro do nivel competencial, polo que se engaden preguntas de comprensión e expresión escrita, interpretación de gráficos, relación e dedución.

12. Medidas de atención á diversidade.

Medidas organizativas do centro.

Debido a que neste centro se da prioridade aos reforzos nas áreas instrumentais, en principio non contamos coa posibilidade de profesor/a de apoio nas nosas materias, nin dentro nin fóra da aula. Isto, unido ao tamaño dos grupos e á esixencia de impartir o temario completo, complica a atención á diversidade. O curso pasado déronse as circunstancias favorables para que alumnos que estaban recibindo actividades de reforzo, puidesen facelas e corrixilas coa profesora de PT.

Medidas que levarán a cabo as docentes na aula.

Dentro das súas posibilidades, as docentes intentarán levar a cabo as seguintes medidas ordinarias:

- Agrupamentos flexibles que permitan contextos de aprendizaxe colaborativa.
- Diferentes tempos de realización de actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Recursos e materiais diferenciados.
- Actividades variadas e con diferente nivel de dificultade.

Para os alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo estableceranse actividades de reforzo, simplificando o nivel de complexidade con respecto ás actividades do libro. De ser necesario, tamén se modificará o tipo de actividades dos exames, con preguntas formuladas dun xeito máis sinxelo e comprensible. Cando se fagan grupos, procurarase integrar a estes alumnos con outros capaces de axudarlles a desenvolver mellor as súas capacidades a través de mecanismos de cooperación (corrección colectiva, traballo en pequeno grupo...).

No caso de haber alumnado con necesidade específica de apoio educativo que tras aplicar estas medidas siga sen acadar os obxectivos esperados, valorarase, conxuntamente co Dpto. de Orientación, a necesidade da aplicación de medidas extraordinarias como unha ACS.

Para os alumnos que avanza a un ritmo de aprendizaxe maior presentaranse actividades de ampliación que favorezan o traballo autónomo (análise de textos, traballos de investigación, lecturas...).

Tras o remate de cada avaliación ou trimestre, será posible que aqueles alumnos que non a superaron, recuperen só aqueles exames nos que obtiveron unha nota máis baixa. Ditas recuperacións realizaranse en xaneiro, marzo e xuño. Para axudarlles nesta tarefa, previamente realizarán unhas actividades para reforzar os contidos de aqueles E.A. que non superaron. Finalmente tamén terán a oportunidade dunha recuperación final en xuño.

13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.

O criterio para elixir os elementos transversais a tratar foi escoller aqueles aos que dalgún xeito lle atopamos relación con algúns do EA específicos da nosa área, ademais de coincidir, algún deles, con conmemoracións ao longo do curso. Ao mesmo tempo trátanse tamén os EA relacionados coa Expresión oral, Expresión escrita, Traballo en grupo e Aprender a aprender. Deste xeito estas actividades constitúen algún dos „proxectos de investigación“ citados no apartado 5 da programación, cando falamos da metodoloxía.

A continuación se presenta un cadro resumo por cursos.

NIVEL	ELEMENTO TRANSVERSAL	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE	E.A. TRATADOS	AVALIACIÓN: -PROCEDEMENTOS, -INTRUMENTOS -PESO NA NOTA.	TEMPORALIZACIÓN
1º ESO	Dereitos Humanos, prevención da violencia contra as mulleres.	Visualización duns vídeos sobre a vulneración dos DDHH asociada ás explotacións de coltán e bauxita. Neles visibilízanse os dereitos vulnerados en cada caso (guerra na R.D. do Congo, reclutamento de nenos soldado, violacións masivas, semiesclavitude nas minas...).	1º-BXB2.7.2- Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá. 1º-BXB2.7.3- Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais. E.A. de comprensión oral.	-PROCEDEMENTOS: Análise do resultado das producións dos alumnos. -INTRUMENTOS: Cuestionario sobre os vídeos. -PESO NA NOTA: 10,25 na nota da 1ª avaliación.	1º trimestre.
3º ESO	Visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	Investigación por grupos consistente en buscar información para aclarar as diferenzas entre cada tipo de sexualidade. Posible elaboración en gran grupo dunha enquisa anónima entre o alumnado para visibilizar as principais dificultades e prexuízos coas que se enfrenta esta realidade. Elaboración de murais para expoñer os resultados durante a conmemoración da diversidade sexual.	3º-BXB3.29.1 - Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno. E.A. de Expresión oral, Expresión escrita, Traballo en grupo e Aprender a aprender.	AVALIACIÓN: -PROCEDEMENTOS: Análise do resultado das producións dos alumnos. -INTRUMENTOS: Proxecto do 2º trimestre e exposición oral do mesmo. -PESO NA NOTA: 1,7 (Ver desglose por CC no apartado 7), na nota da 2ª avaliación.	2º trimestre.
4º ESO Bi-xe	Prevención da violencia contra persoas con discapacidade, e non discriminación das mesmas.	-Investigación por grupos sobre unha enfermidade hereditaria a elixir, onde entre outros aspectos se analice a discriminación sufrida polas persoas que a padecen. Exposición oral dos resultados.	4º-BXB1.11.1 - Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas. E.A. de Expresión oral, Aprender a aprender.	AVALIACIÓN: -PROCEDEMENTOS: Análise do resultado das producións dos alumnos. -INTRUMENTOS: Proxecto do 1º trimestre e exposición oral do mesmo. -PESO NA NOTA: 1,3 (notas de EA específicos, EO, EE e CAA) na nota da 1ª avaliación.	1º trimestre.
		-Visualización da película Gattaca, onde se pon de manifesto a discriminación das persoas con algún tipo de discapacidade. Cuestionario sobre a película.	4º-BXB1.15.1 - Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía. E.A. de CO e EE.	AVALIACIÓN: -PROCEDEMENTOS: Proba obxectiva. Análise producións alumnos.	1º trimestre

				-INTRUMENTOS: Cuestionario de comprensión oral. Resumo da película. -PESO NA NOTA: 0,25 (nota de CO) na nota da 1ª avaliación).	
--	--	--	--	--	--

14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para cada curso.

A continuación se detalla unha batería de posibles actividades, das cales non se desenvolverán todas, senon aquelas que vaia sendo viable realizar en función das circunstancias deste curso 2019/20.

CURSO	NOME DA ACTIVIDADE	BREVE DESCRICIÓN	E.A. TRATADOS	AVALIACIÓN: -PROCEDEMENTOS, -INTRUMENTOS -PESO NA NOTA.	TEMPORAL IZACIÓN CIÓN PREVISTA
1º ESO	Participación no programa <i>Ambientum</i>, ofertado pola Aula de Natureza da Siradella.	Coñecemento dos hábitats representativos, as especies de referencia e os valores naturais e culturais do espazo natural protexido Complexo Intermareal Umia- O Grove. As actividades consisten en: -Charla -Saída de campo -Elaboración dun proxecto final.	1º-BXB3.7.1 1º-BXB3.7.2 1º-BXB3.7.3 1º-BXB4.1.1 1º-BXB4.2.1 1º-BXB4.3.1 E.A. de EO, TG e CAA	-PROCEDEMENTOS: Observación directa, análise das producións dos alumnos. -INSTRUMENTOS: Resultados e exposición do proxecto final. -PESO: 1,55 na 3ª avaliación (Ver desglose por CC no apartado 7).	1º, 2º e 3º trimestre.
	-Charla e obradoiro sobre anelamento científico de aves.	Charla e sesión práctica a través da cal coñecerán detalles sobre anatomía, fisioloxía, hábitos e ecoloxía das aves, e mesmo terán contacto físico con elas. Tamén coñecerán os fundamentos e finalidades do anelamento científico.	1º-BXB3.4.2 1º-BXB3.7.1 1º-BXB3.7.2 1º-BXB3.7.3 E.A. de CO	-PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. -INTRUMENTOS: Cuestionario con preguntas sobre o explicado polo poñente. -PESO: 0,25 na nota da 2ª avaliación. (nota de CO).	Segundo trimestre.
	Participación no Proxecto Ríos.	Inspección de primavera no río Armenteira, nunha actividade organizada conxuntamente co departamento de E.F.	E.A. do bloque de contidos de ecoloxía.	-PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos. -INSTRUMENTOS: Caderno de campo/laboratorio. -PESO: 0,25 na nota	

				da 3ª avaliación (metade da nota de laboratorio).	
3º ESO	-Charla- obradoiro da Escola Galega de consumo.	-Análise de etiquetas alimentarias, en relación cos contidos tratados na unidade 3 da programación (alimentación equilibrada).	3º- BXB3.12.1 3º- BXB3.13.1	-PROCEDEMENTOS: Análise producións alumnos. -INTRUMENTOS: Valorarase a correcta adquisición dos EA tratados na saída e o uso de dita información para integrar no proxecto de investigación. -PESO: 0,5 (formando parte da nota do proxecto da 1ª avaliación).	Primeiro trimestre.
4º ESO (BIOLOXÍA E XEOLOXÍA)	-Visita ao centro de Investigación en mellora xenética Misión Biolóxica de Galicia.	Obradoiros científicos relacionados cos temas que se están a investigar, con motivo da Semana da Ciencia en galego.	4º-BXB4.1.1 4º-BXB4.2.1 4º-BXB4.4.1 EA de TG	-PROCEDEMENTOS: Observación directa. -INTRUMENTOS: Resixtro das observacións. -PESO: 0,5 (nota de TG) na nota da 1ª avaliación.	Primeiro trimestre.
	-Charla informativa en perigo das dunas e o seu Plan de Conservación.	Especie catalogada como vulnerable, presente na praia de Area da Cruz, e o seu plan de conservación, en relación con varios EA do bloque de contidos nº3: Ecoloxía e medio ambiente. Será impartida polo servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente. Servirá como base de información para o proxecto do 2º trimestre.	4º-BXB3.2.1 4º-BXB3.3.1 4º-BXB3.6.1 4º-BXB3.8.1 4º-BXB3.8.2 EA de CO.	-PROCEDEMENTOS: Análise producións alumnos -INTRUMENTOS: Resumo da charla -PESO: 0,25 (nota de CO) na nota da 2ª avaliación.	Segundo trimestre
	-Participación no Proxecto Ríos. Inspeccións de outono e primavera. Recollida de lixo e eliminación de especies invasoras.	Comprobación do estado de saúde dun río medindo e interpretando parámetros biolóxicos e físico-químicos. Tratarán EA do bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente.	BXB3.1.1. BXB3.1.2. BXB3.2.1. BXB.3.3.1 BXB.3.4.1 BXB.3.8.1 BXB.4.5.1 EA de EO, EE, CAA e TG.	-PROCEDEMENTOS: Análise producións alumnos. -INTRUMENTOS: Presentación dixital e exposición oral (proxecto do 3º trimestre). -PESO: 1,5 na nota da 3ª avaliación (Ver desglose por CC no apartado 7).	Primeiro e terceiro trimestre.

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN CON OUTROS DEPARTAMENTOS

PROXECTO DE FOMENTO DA XESTIÓN SUSTENTABLE DOS RESIDUOS: “CONCURSO OS 3 R’S”; PRINCIPALMENTE DO DPTO. DE ORIENTACIÓN A TRAVÉS DAS „TITORÍAS VERDES“

-**Charla informativa, dentro da campaña “Separemos ben, reciclaremos mellor”** de Sogama, en relación co noso proxecto de centro “Concurso os 3 R’s”. Aínda que neste proxecto participan tódolos alumnos do centro, son os alumnos de 1º e 2º e 3º os que aínda non recibiron a charla e necesitan asesoramento para aprender a separar o lixo correctamente.

-**Charlas e obradoiros sobre compostaxe** a cargo de técnicos do concello e/ou Deputación. Probablemente sexan para complementar as charlas e obradoiros nas que participamos o curso pasado, cando puxemos en marcha o noso composteiro e nos explicaron os proxectos de compostaxe a nivel municipal.

-**Recollidas e caracterización de lixo na praia de Area da Cruz.** Participación na limpeza simultánea de praias organizada por Adegas en outubro. Ademais de algunha outra organizada polo Concello do Grove, polo que non sabemos se será posible realizala con tódolos grupos nin en horas de titoría. En todo caso darase preferencia a aqueles grupos que non participasen en anos anteriores. Outra opción sería realizala durante a semana das avaliacións, en calquera dos tres trimestres, dependendo da disponibilidad horaria e da climatoloxía.

-**Excursión-premio para os gañadores do concurso Os 3 R’s:** visita guiada a unha das illas do Parque Nacional das Illas Atlánticas, ou ben á granxa ecolóxica Casa Grande de Xanceda. Será no terceiro trimestre, na última semana de maio. No caso de ser posible a súa continuidade, debido a problemas económicos.

OUTRAS ACTIVIDADES DAS „TITORIAS VERDES“

-**Eliminación de EEI nas dunas de Area da Cruz.** Actividade organizada polo Concello do Grove, polo que non sabemos se será posible realizala con tódolos grupos nin en horas de titoría. En todo caso darase preferencia a aqueles grupos que non participasen en anos anteriores. Outra opción sería realizala durante a semana das avaliacións, en calquera dos tres trimestres, dependendo da disponibilidad horaria e da climatoloxía.

-**Charla sobre as dunas e a pílara das dunas,** especie en perigo e cuio plan de recuperación se está a levar a cabo no noso entorno máis cercano, incluíndo a praia de Area da Cruz. Os hábitats dunares están protexidos a nivel europeo e a súa importancia e fragilidade é descoñecida para a do alumnado e profesorado, a pesar de interactuar con el a diario. As charlas serán impartidas polo grupo de educadores ambientais da Aula da Siradella.

-Actividades sobre prevención de incendios forestais, que poden incluír visita á base aérea do Campiño, e charlas dos axentes forestais que traballan na mesma. Tamén hai a posibilidade de solicitar unha charla aos comuneros da CCMM de San Vicente onde expliquen as medidas que toman eles para previr os incendios e a propagación de especies invasoras, así como a posibilidade de realizar plantacións de especies autóctonas a través da colaboración coa comunidade de montes.

15. **Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

a. Análise dos resultados académicos.

RESULTADOS ANALIZAR	A	OBXECTIVOS	MOMENTO REVISIÓN	DA	ASPECTOS VALORAR	A
Porcentaxe de alumnos que superaron a avaliación trimestral.		>75% aprobados	Trimestralmente, na acta da reunión de Dpto.		1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 13.	
Porcentaxe de alumnos que superaron a avaliación ordinaria.		1º ESO > 80 % aprobados * 3º ESO > 85% aprobados * 4º ESO > 90 % aprobados * *(Cifras obtidas do promedio de aprobados na avaliación ordinaria dos cinco cursos anteriores).	Memoria final de curso.		1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 13, 14.	
Resultados da materia con respecto a outras materias do mesmo curso.		Desviación <15%	Memoria final de curso.		1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 12, 13, 15.	
Éxito das recuperacións das avaliacións supensas.		>50% de alumnos recuperan.	Trimestralmente, na acta da reunión do Dpto.		11.	
Abandono da materia.		<10% de alumnos con abandono por curso.	Memoria final de curso.		15.	
Éxito do programa de recuperación de materias pendentes.		>40% de alumnos aproban a materia pendente.	Memoria final de curso.		12.	

15.2. Análise das posibles causas.

15.2.1. Causas atribuíbles á programación ou práctica docente.

No caso de que os resultados non acaden as cifras obxectivo, pasarase a analizar as posibles causas, a través da información desprendida da análise dos seguintes aspectos ou indicadores. Dependendo dos resultados que se pretenda mellorar, os indicadores analizados serán uns ou outros. (Ver táboa anterior).

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE VALORAR NA ANÁLISE DOS RESULTADOS	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
2. Adecuación das rúbricas dos perfís de competencia.				
3. Adecuación dos mecanismos para informar aos alumnos sobre os criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
6. Adecuación da avaliación inicial, incluídas as consecuencias da proba.				
7. Adecuación das pautas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
8. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
9. Adecuación dos criterios establecidos para cada avaliación.				
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
11. Adecuación de criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación de pendentes.				
13. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
14. Adecuación da metodoloxía empregada.				
15. Adecuación do seguimento e revisión da programación ao longo do curso.				

Entre os instrumentos utilizados para recabar información, poderanse utilizar as enquisas de final

de curso do curso pasado. (Ver Anexo 2).

15.2.2. Causas atribuíbles a outros factores.

Tamén se analizará se os malos resultados son debidos a outras causas tales como:

-Adaptación ao novo modelo educativo.

-Adaptación a unha nova etapa/ciclo.

-Adaptación a un novo/a profesor/a.

-Dinámica interna do propio grupo (alumnos especialmente faladores, alto número de repetidores...).

15.3. Procesos de mellora.

Unha vez valorados os indicadores correspondentes, e tendo en conta outras posibles causas externas á programación, procederase a modificar aqueles aspectos nos que a puntuación acadada fora menor.